

## Suso Lista presenta "Como a roda no muiño": "É unha novela bastante ghamberra"

Ubaldo Cerqueiro 31 de decembro de 2020

<https://www.quepasanacosta.gal/articulo/ponteceso/suso-lista-presenta-como-roda-muino-novela-bastante-ghamberra/20201231093502124203.html>

Xa está nas librarías a nova novela de **Suso Lista**. O polifacético cormelán presenta "**Como a roda no muiño**" (edicións Embora), unha novela con "**moito humor, bastante ghamberra, e moi crítica**, que non vai deixar a xente indiferente", segundo el mesmo nos conta.

Leva 4 anos inmerso neste proxecto (2 de escritura e 2 de revisións), despois de rematar a [súa triloxía de relatos curtos](#). "Cando rematei *Charamuscas*, pasei un tempo sen escribir, así en serio, pero un día abríu unha libreta que tiña por casa e atopei uns boquexos dun guión dunha serie que queríamos facer hai 7 anos, bastantes simpáticos. En base a ese guión, (eu vou do revés, en vez de facer a novela e despois a película, fago a novela despois da película) collín un deses personaxes, **un galego nado en Suiza**, e o trouxen ata casa", explica.

"A novela empeza dende que vive en Suiza e decide vir á terra dos seus pais. Dende que sae de alí ata que chega ata aquí, facendo o Camiño francés, sucédennlle unha serie de **desventuras moi romcabolescas, moi berlangianas**. Ese mundo do esperpento é moi galego, moi valleinclaniano, é moi noso e sempre me levou idea", recoñece. "Unha vez que chega aquí, se desenvolve a maior parte da trama, pero non vou contar máis".

Aconsella poñer as **canciós** cando van saíndo, porque hai moita música e moita gastronomía poñendo un pouco de cordura ao surrealismo dominante. Matiza, iso si, que "é un libro de antes da pandemia, un mundo que xa rematou".

En todo caso, "se a xente o pasa tan ben como eu escribindo, xa firmo", valora o cormelán, que aínda onte [debullaba a historia do Almirante Mourelle en TraskiTV](#).